

## Acta da Asemblea Xeral do día 20 de decembro de 2016


Sendo as 20:00 h do día 20 de decembro de 2016 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Avaliación do Acordo de Goberno.
3. Elección dos membros para a Comisión de Seguimento do Acordo.
4. Adianto do estado das contas para o peche do exercicio 2016
5. Previsión de orzamento do 2017.
6. Rogos e preguntas.

Antes de comezar propónse mover o punto nº2 para o penúltimo lugar e para o resto marcar un tempo de 40 minutos. Apróbase por maioría.

Damos lectura ao acta anterior e apróbase por maioría.

Segundo o acordo de goberno para a Comisión de seguimento ten que haber 3 persoas de cada grupo. Apróbase por unanimidade o seguinte:



O estado das contas do 2016 a data de hoxe e a falta do peche de exercicio é positivo xa que os ingresos foron superiores ós previstos, e os gastos inferiores ós presupostados. A última consulta efectuada daba un saldo positivo de 2.305,31€.

A previsión de orzamento tamén nos permitirá desenvolver máis actividades xa que o grupo municipal ó recibir as asignacións pendentes aínda do 2015 e 2016 poderá devolver os importes que ICM lle adiantou para o aluguer do local.

Na próxima asemblea presentaremos o peche das contas do ano 2016.

En canto a avaliación do pacto de goberno, faise unha relectura do mesmo e imos comentando punto por punto chegando a unha valoración moderadamente positiva do mesmo xa que das propostas de actuación a curto prazo (6 meses), 38 puntos en total, 16 están feitos e 9 en trámite transcorridos escasos cinco meses de goberno. Acordamos as propostas a facer na primeira Comisión de Seguimento, incidir na realización de un ou varios actos públicos da avaliación do acordo e propor unha nova comisión en 5 ou 6 meses, así como sustanciar as nosas diferencias respecto dalgunha actuación por parte da alcaldía.

En canto a rogos e preguntas:

- Propónse coordinar nas redes sociais as publicacións do Twitter co Facebook.

Sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 22:30h.